



COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Sesión extraordinaria do 30 de maio de 2022.

Preside: Antonio Leira Piñeiro

Deputados/as

Asistentes:

Ángel García Seoane	AVV
Xosé Luis Penas Corral	BNG
Alberto Lema Suárez	MA
Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Ignacio Codesido Barreiro	PP
José Francisco Santos Regueiro	PP
José Javier Pego Sampedro	PP
José Luis Pérez Añón	PP
José Manuel Pequeño Castro	PSOE
José Ramón Rioboo Castro	PSOE
María Milagros Castro Sánchez	PSOE

Presentes:

Enrique Calvete Pérez (Tesoureiro)
José María Pérez Alvaríño (Viceinterventor)

Secretaría: María José Vázquez Sesmonde

Examinado o expediente do asunto que se indica a continuación:

Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2021.

Dáse conta da tramitación da Conta Xeral do exercicio 2021 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

O presidente: Antonio Leira Piñeiro (asinado dixitalmente)

A secretaria: María José Vázquez Sesmonde (asinado dixitalmente)



ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONSORCIOS

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

Exposición pública conta xeral orzamento exercicio 2021

ANUNCIO

Exponse ao público a conta xeral do orzamento do exercicio 2021 deste Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, ditaminada pola Comisión Especial de Contas do día 30 de maio de 2022, de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no artigo 212.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e na Regra 49 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local aprobada pola Orde HAP/1781/2013.

A devandita conta quedará exposta na Secretaría - Intervención do Consorcio por un prazo de (15) días, a contar desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante estes, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunos.

Carballo, 30 de maio de 2022.

O presidente,

Valentín González Formoso

2022/3162



ASUNTO: Certificado de exposición pública da Conta Xeral 2021 e resultado
EXPEDIENTE: 2022/X999/000101

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA, SECRETARIA-INTERVENTORA, DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA,

CERTIFICA:

Que segundo se desprende do expediente que se está a tramitar para a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2021, resultan, que respecto da exposición pública da devandita Conta e o resultado respecto da presentación de reclamacións, reparos ou observacións, os extremos seguintes:

1. Que en sesión do día 30 de maio de 2022, xuntouse a Comisión Especial de Contas deste Consorcio, emitindo informe favorable sobre a Conta Xeral correspondente ao exercicio económico e contable de 2021 e dispoñendo o inicio dos trámites recollidos ao efecto polo art. 212 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e a regra 49 da Instrucción de Contabilidade Modelo Sical Normal aprobada pola Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro.
2. Que no “Boletín Oficial” desta provincia núm. 102 de data 31 de maio de 2022, apareceu inserido o anuncio ao que fai referencia o apartado 3 do artigo 212 LRFL.
3. Que, na mesma data anterior, inseriuse copia do anuncio citado no Taboleiro de Anuncios do Consorcio.
4. Que, en concordancia coa citada data de publicación, o prazo de exposición pública da devandita Conta, transcorreu, desde o día 1 de xuño de 2022 ata o día 21 de xuño de 2022 (ámbolos dous incluídos).
5. Que o prazo de presentación de reclamacións polos interesados lexítimos, era dos quince días anteriores, transcorrendo, na súa consecuencia, desde o día 1 de xuño de 2022 ata o día 21 de xuño de 2022 (ámbolos dous incluídos).
6. Que durante o prazo ao que se fai referencia no apartado que precede e ata o da data da emisión do presente documento, non consta no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Consorcio, a presentación de reclamación, alegación, reparo ou observación ningún contra a devandita Conta Xeral ou o seu expediente.

E, para que así conste e na unión co expediente de orixe xurda os seus debidos efectos, emito a presente Certificación, en cumprimento do disposto polo art. 3.2.f) do texto aprobado polo Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, de orde e co visto e prace do Sr. Presidente, en Carballo, na data que figura á marxe.

V.º e pr.
O presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso



COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Sesión ordinaria do 21 de xullo de 2022.

Preside: Antonio Leira Piñeiro

Deputados/as

Asistentes:

Ángel García Seoane	AVV
Xosé Luis Penas Corral	BNG
Alberto Lema Suárez	MA
Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Ignacio Codesido Barreiro	PP
José Francisco Santos Regueiro	PP
José Luis Pérez Añón	PP
Roberto Rodríguez Martínez	PP
José Manuel Pequeño Castro	PSOE
José Ramón Rioboo Castro	PSOE
María Milagros Castro Sánchez	PSOE

Presentes:

Enrique Calvete Pérez (Tesoureiro)
Juan Bautista Suárez Ramos (Interventor adxunto)
Miguel Iglesias Martínez (Oficial Mayor)

Secretaría: María José Vázquez Sesmonde

Examinado o expediente do asunto que se indica a continuación:

Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2021.

Dáse conta da tramitación da Conta Xeral do exercicio 2021 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

O presidente: Antonio Leira Piñeiro (asinado dixitalmente)

A secretaria: María José Vázquez Sesmonde (asinado dixitalmente)



MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ, secretario accidental da Deputación Provincial da Coruña.

CERTIFICA: Que no PLENO DA CORPORACIÓN da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 29 de xullo de 2022, deuse conta do seguinte asunto:

39. Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2021.

Dáse conta da tramitación da Conta Xeral do exercicio 2021 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Presidente en funcións na Coruña.

O secretario Accidental: Miguel Iglesias Martínez (asinado dixitalmente)

O presidente en funcións: Xosé Regueira Varela (asinado dixitalmente)



ASUNTO: CERTICADO ACORDO SESIÓN ORDINARIA DO 29.07.2022 (CONTA XERAL)
Expediente: 2022/G010/000001 **Expediente orixe:** 2022/G006/000002

MARÍA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA

CERTIFICA:

Que o día vinte e nove de xullo de dous mil vinte e dous (29.07.2022), reuniuse o Pleno deste Consorcio nunha sesión ordinaria, na que, entre outros, quedou adoptado o acordo, cuxo contido, a continuación se transcribe:

<<2º. Aprobación da conta xeral do Consorcio correspondente ao exercicio 2021 (Expte. 2022/X999/000101 e 2022/X999/000166)

Por parte da Sra. secretaria expone o contido da proposta da Presidencia, cuxo teor literal é o seguinte:

<<O 30 de maio pasado ditaminouse favorablemente a aprobación inicial da Conta Xeral do Orzamento do Consorcio provincial do exercicio 2021 pola Comisión Especial de Contas do Consorcio.

O expediente foi obxecto de exposición pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 102, do 31 de maio de 2022, sen que se presentasen no período establecido para o efecto reclamacións, alegacións, reparos ou observacións, tal e como se deriva do certificado emitido pola Secretaría Intervención, con data 08.07.2022.

Con data 19.07.2022 emitíuse o informe provisional de auditoría financeira elaborado pola Intervención Provincial sobre a documentación que contén a Conta Xeral do Consorcio do exercicio 2021, en cumprimento do establecido nos artigos 213 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, no apartado d) do artigo 29.3.A) do Regulamento de réxime xurídico do control interno das entidades que conforman o sector público local (Real Decreto 424/2017, do 28 de abril) e en execución do Plan de Control Interno da Intervención Provincial para o período 2021-2022.

Asemade, con data 20.07.2022 emitíuse informe provisional de recomendacións de control interno e informe adicional (IRCI) ao de auditoría de contas do Consorcio, pola Intervención provincial, e correspondente ao exercicio 2021.

Á vista da documentación presentada, procede formular a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Consorcio:

PRIMEIRO.- Incorporar ao expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral do Orzamento do Consorcio provincial do exercicio 2021 o informe definitivo de auditoría financeira elaborado pola Intervención Provincial para dar cumprimento ao establecido no artigo 220.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o informe provisional de recomendacións de control interno e informe adicional (IRCI) ao de auditoría de contas do Consorcio, correspondente ao exercicio 2021.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a Conta Xeral do Orzamento do Consorcio provincial do exercicio 2021.

TERCEIRO.- Remitir a documentación que integra a Conta Xeral do Orzamento do Consorcio provincial do exercicio 2021 ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local; así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder a súa publicación na web institucional.>>

Logo dun breve debate o Sr. presidente somete o asunto a votación ordinaria, de forma que por unanimidade dos membros deste Pleno (6 votos a favor), adóptase o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO E ÚNICO.- Aprobar a proposta nos seus mesmos termos.>>

E para que así conste e xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación, en atención ao disposto polo art. 3.2.f) do texto aprobado polo Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, con advertencia expresa da excepción que sobre a aprobación da acta da sesión ao principio sinalada realiza o art. 206 do regulamento aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e de orde e co visto e prace do sr. presidente, en Carballo na data da sinatura dixital.

V.º e pr.

O presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso.



Rendición de Cuentas

Justificante de Envío

La Cuenta General de A Coruña con NIF P1500000C, del ejercicio 2021 ha sido recibida correctamente.

Fecha: 28/09/2022 10:54:00

Número de Registro: 2022-E-RC-1773

Envío realizado por el usuario : 32449998B

JUST. ENVIO AL MINHAC.txt

Hecho que se firma:

- Cuenta General/Cuentas Anuales de la Liquidación del Presupuesto
- Ejercicio 2021.
- Ente "C. Prov. Coruña Serv. contra Incendios e Salv." (código BDGEL: 11-00-010-CC-000)

El funcionario responsable de la entrega de la copia de la liquidación del presupuesto a la Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local, declara que estos datos corresponden a la liquidación del presupuesto del ejercicio 2021 de dicha entidad local.

- * 11-00-010-CC-000_DILIXENCIAS_DIFERENZAS_XML-PDF.pdf (30/09/2022 14:05)
- * 11-00-010-CC-000_acuseRecibo.pdf (30/09/2022 14:05)
- * 11-00-010-CC-000_V15859481_2021_INFORME_AUDITORIA_PUBLICA.pdf (30/09/2022 12:58)
- *
- 11-00-010-CC-000_CCI_MEMORIA_DEMOSTRATIVA_DO_GRAO_DE_CUMPRIMENTO_DE_OBXECTIVOS_2021.pdf (30/09/2022 12:53)
- * 11-00-010-CC-000_CCI_MEMORIA_DO_CUSTE_E_RENDEMENTO_DOS_SERVIZOS_2021.docx.pdf (30/09/2022 12:53)
- * 11-00-010-CC-000_CCI_ACTA_ARQUEO_E_NOTAS_ENTIDADES_BANCARIAS_2021.pdf (30/09/2022 12:53)
- * 11-00-010-CC-000_CCI_CONTA_XERAL_2021.pdf (30/09/2022 12:52)
- * 11-00-010-CC-000_V15859481_2021_NOR_CUENTAS-ANUALES.xml (30/09/2022 12:31)